

Actualizado 25/04/25

## V TROFEO MARIANO CASTIÑEIRA VILLASECA

26 de abril de 2025

O **Club Atletismo Lucus Caixa Rural Galega**, coa colaboración da FGA e o Concello de Lugo, organiza o **V Trofeo Mariano Castiñeira Villaseca**, o SÁBADO 26 de ABRIL, en xornada de mañá e de tarde, nas pistas de atletismo do **Estadio Gregorio Pérez Rivera**, Lugo.

### REGULAMENTO

#### Participación

**Art. 1.-** Poderán participar todos/as os atletas con licenza en vigor pola FGA na tempada actual (2025), da categoría SUB16 a absoluta.

**Art. 2.-** Nas probas con límite de prazas terán preferencia os atletas do **Club Atletismo Lucus** e os clubs asociados (CP Lucense, CA Ribadeo e Samertolameu). O resto de prazas cubriranse segundo a mellor marca da inscrición (tempada actual ou 2024).

**Art. 3.- Límite de prazas:**

- 100 m. lisos – 24 atletas
- 100/110/400 m. valos – 16 atletas
- Carreiras – 16 atletas
- Lanzamento de disco – 12 atletas (total mixto)
- Lanzamento de martelo – 16 atletas (total mixto)
- Lanzamento de xavelina – 10 atletas
- Salto de altura – 10 atletas
- Salto de lonxitude e triplo salto – 10 atletas

**Art. 4.- Intentos.** Nas probas de concurso todos/as os atletas terán tres intentos e os oito primeiros postos terán tres intentos de mellora (será conxunta, por peso do artefacto ou sexo).

**Art. 5.- Participación.** Cada atleta só poderá participar co peso dun artefacto, ou ben o da súa categoría ou ben o absoluto.

**Art. 6.- Artefactos.** Os artefactos homologaranse ata 70' antes da celebración da proba, entregaranse na Secretaría e Resultados.

**Art. 7.- Dorsais.** Os dorsais retiraranse na zona habilitada ata 60' antes da celebración da proba. Os/as atletas deben empregar o dorsal outorgado pola organización de forma totalmente visible, en toda a superficie (o incumprimento desta norma será motivo de descualificación). Será responsabilidade dos atletas levar consigo imperdibles ou calquera outro sistema para a colocación do dorsal.



## Inscricións

**Art. 8.- Prazo de inscricións.** As inscricións realizaranse a través do sistema en liña da RFEA (<https://atletismorfea.es/user/login-registro>) ata as **22:00 horas do luns 21 de abril de 2025**. Non se admitirán inscricións fóra de prazo. Serán válidas na inscrición as marcas realizadas en 2024 e 2025.

**Art. 9.- Renuncias e baixas.** O prazo para comunicar as renuncias e baixas rematará ás 23:59 horas do mércores 23 de abril e serán remitidas ao enderezo electrónico [lugo@atletismo.gal](mailto:lugo@atletismo.gal), con copia a [info@atletismolucus.org](mailto:info@atletismolucus.org).

**Art. 10.- Series de velocidade.** Nas probas de carreiras indicárase a mellor marca. As series de velocidade faranse de acordo ás marcas de inscrición. Os/as atletas que non indiquen mellor marca serán incluídos aleatoriamente no resto das series. Non se variará as series unha vez publicadas.

## Horario

**Art. 11.-** O horario será o seguinte:

### HORARIO MODIFICADO

**Ante a imposibilidade de levar a cabo a competición cos xuíces dispoñibles, vémonos na obriga de modificar o horario para poder desenvolver as probas previstas. Desculpade de antemán as molestias.**

| HOMES                         | HORA  | MULLERES                         |
|-------------------------------|-------|----------------------------------|
| XORNADA DE MAÑÁ               |       |                                  |
| Lanzamento de disco           | 10:00 | Lanzamento de disco              |
| <b>Salto de altura</b>        | 11:00 | <b>Salto de altura</b>           |
| Lanzamento de martelo (B)     | 11:15 | Lanzamento de martelo (B)        |
| <b>Triplo salto</b>           | 12:30 | <b>Triplo salto</b>              |
| Lanzamento de martelo (A)     | 12:45 | Lanzamento de martelo (A)        |
| XORNADA DE TARDE              |       |                                  |
| <b>Lanzamento de xavelina</b> | 16:30 |                                  |
| 400 m.v. (0,91-0,84)          |       |                                  |
| 100 m.L. SEMIFINAL            | 17:00 |                                  |
|                               | 17:30 | 100 m.L. SEMIFINAL               |
| 200 m.                        | 18:00 |                                  |
|                               | 18:15 | 200 m.                           |
| Salto de lonxitude            | 18:30 |                                  |
| <b>HOMENAXE A MARIANO</b>     | 18:50 | <b>HOMENAXE A MARIANO</b>        |
| 110 m.v. (1,06-1,00)          | 19:10 |                                  |
| 110 m.v. (0,91)               | 19:25 | Salto de lonxitude               |
|                               | 19:35 | 100 m.v. (0,84-0,76)             |
| 100 m.L. FINAL                | 19:45 |                                  |
|                               | 19:50 | <b>100 m.L. FINAL</b>            |
| <b>800 m.</b>                 | 20:00 |                                  |
|                               | 20:05 | <b>800 m.</b>                    |
|                               | 20:10 | <b>1.500 m. obstáculos (S16)</b> |
| <b>5.000 m.</b>               | 20:15 |                                  |



## Premiación

**Art. 12.-** Os/as vencedores/as das probas de 5.000 m. (masculino) e 800 m. (feminino) recibirán un trofeo conmemorativo. Así mesmo, os 3 primeiros atletas Máster nestas probas (independentemente da súa categoría) recibirán unha medalla.

**Art. 13.-** Será obrigatorio acudir á cerimonia de premiación para recibir o premio.

## Normativa

**Art. 14.-** A responsabilidade das inscricións dos/as atletas, salvo que sexan independentes, corresponderá ao seu club. Aplicaranse as seguintes penalizacións polo incumprimento da normativa de inscricións:

- Se o/a atleta, previamente inscrito/a, non participa na proba, a sanción será de 5€.
- Todas as baixas comunicadas con posterioridade ao MÉRCORES 23 de ABRIL ás 23:59 horas darán lugar á tramitación da correspondente sanción, agás no caso de lesión ou enfermidade, que deberá acreditarse co xustificante facultativo correspondente enviado ata 24 horas despois da celebración da proba ao enderezo electrónico [lugo@atletismo.gal](mailto:lugo@atletismo.gal), con copia a [info@atletismolucus.org](mailto:info@atletismolucus.org).
- Non acreditar a veracidade nas inscricións enviadas á FGA (6€ por atleta con datos falsos).

**Art. 15.-** Todo o non disposto no presente regulamento resolverase, por esta orde, de acordo ás normas da F.G.A., R.F.E.A. e W.A.

## Organiza



## Colabora

